

**CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA
PARA A CONCESIÓN DE PRAZAS DE GRATUIDADE- CURSO 2013/2014**

PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE E CRITERIOS DE PREFERENCIA

Sr. Director / Sra. Directora,

Na mañá do día 7 de maio constituíuse en Santiago de Compostela a Comisión Provincial de A Coruña para a concesión de prazas de gratuidade do V Convenio Colectivo de Empresas de Ensinanza Privada Sostidas Total ou Parcialmente con Fondos Públicos.

Achégase copia do MODELO DE SOLICITUDE que teñen que presentar os traballadores, así como a información precisa para a solicitude e tramitación destas axudas.

1. DEREITOS DOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS.

Segundo se establece no artigo 79 e Anexo IV do V Convenio, son:

- a) Dereito á ensinanza gratuíta para os fillos ou fillas dos traballadores/as de entre as que se imparten no centro de traballo (Colexio), cando estes teñan unha dedicación igual ou superior á metade da xornada laboral anual. No caso de fillos e fillas orfos daqueles traballadores, para ter dereito á praza, a antigüidade mínima no Centro do traballador/a falecido será de dous anos. Gozarán tamén do dereito os fillos ou fillas dos traballadores/as en situación de excedencia forzosa, excepto o caso contemplado no artigo 45.1 do Convenio.
- b) A gratuidade total fai referencia ás **ensinanzas regradas e actividades Complementarias** organizadas directamente pola empresa. Non son gratuítas nin as actividades extraescolares nin os servizos.
- c) O FONDO TOTAL DE PRAZAS de gratuidade será:
 - **3%** nos niveis de Educación Primaria, e 1º e 2º curso de E.S.O. (con concerto).
 - **2%** en Educación Infantil, 1º e 2º curso de E.S.O. sen concerto, 3º e 4º de E.S.O. concertada, Bacharelato, F.P. de Grao Medio, F.P. de Grao Superior, E.P.A., PCPI.

No caso de que a porcentaxe represente un número fraccionado, entenderase que cando chegue ou supere o 0,5 o número de prazas a conceder será o ordinal seguinte, e de non chegar a 0,5 será o anterior (Exemplo: cunha porcentaxe de 3,6 deberán concederse 4 prazas; se a porcentaxe é 3,4 concederanse 3 prazas).

- d) **Os fillos/as dos traballadores e traballadoras do propio centro terán dereito á ensinanza gratuíta aínda que se superen os topes establecidos.** Os fillos/as de traballadores e traballadoras doutros centros terán dereito ás ensinanzas gratuítas sempre que as porcentaxes sinaladas non sexan cubertas polos fillos/as do profesorado do propio centro.
- e) **Os traballadores e traballadoras están obrigados a solicitar as axudas ao estudo arbitradas por calquera administración.** De serlle concedidas as axudas, deberán reintegrar ao centro as cantidades percibidas.

2. CRITERIOS DE PRIORIDADE ACORDADOS NA COMISIÓN.

1º.- Fillos ou fillas de traballadores ou traballadoras do propio Centro que reúnan os requisitos esixidos no artigo 79 do V Convenio.

2º. Fillos ou fillas de traballadores ou traballadoras que non dispoñan no centro educativo no que prestan servizos da etapa educativa na que están escolarizados aqueles, sempre que reúnan os requisitos esixidos no artigo 79 do V Convenio Colectivo.

3º. Situación económica da unidade familiar.

Acreditarase mediante a suma da base imponible do IRPF dos dous proxenitores, dividíndoa entre o número de fillos en idade escolar (menores de 18 anos). Deberase solicitar ao pai e nai solicitantes copia da declaración da renda de ambos (declaración separada ou conxunta) correspondente ao exercicio económico do ano 2011.

4º. Condición de familia numerosa do solicitante.

3. PROCEDEMENTO E PRAZOS.

- 3.1. O traballador ou traballadora presentará a solicitude no centro educativo no que pretenda gozar da gratuidade mediante o modelo de solicitude que se anexa a esta comunicación, que se presentará **por triplicado.**

O último día de prazo para presentar a solicitude é o 30 de maio de 2013. Os centros non recollerán nin asinarán solicitudes despois desta data.

- 3.2. A solicitude deberá ser selada tanto polo centro no que traballa o solicitante, como polo centro no que se solicita a beca se son centros diferentes. O centro receptor quedarase cun exemplar, e devolverá dous

exemplares ao solicitante: un para o propio interesado, e outro para a organización sindical que estime conveniente, de ser o caso.

- 3.3. A dirección do centro comunicará ao solicitante a concesión da beca, ou ben a denegación da mesma de maneira razoada e por escrito. **O último día para esta comunicación será o 7 de xuño de 2013.**

No caso de non existir comunicación por escrito, ou de facerse fóra do prazo sinalado por parte do centro, entenderase automaticamente concedida a beca.
--

ACHÉGASE MODELO DE DENEGACIÓN DE PRAZA GRATUÍTA.

- 3.4. Os centros de ensino deberán enviar á Comisión Mixta de Becas de A Coruña un escrito asinado pola persoa titular da Dirección, e o Delegado de Persoal (un deles de ser varios) ou o Presidente do Comité de Empresa, no que conste:
- Solicitante /solicitantes aos que se lle denegou a praza gratuíta.
 - Número de alumnos escolarizados en cada etapa educativa.
 - Relación de alumnos e alumnas con praza gratuíta por etapa educativa, con indicación do nome do proxenitor/a, e centro concertado no que presta servizos.

Este escrito deberá remitirse á Comisión Mixta de Becas á maior brevidade posible, e en todo caso **non máis tarde do día 14 de xuño de 2013.**

ACHÉGASE MODELO DE COMUNICACIÓN Á COMISIÓN MIXTA

(No suposto de centros nos que non existe representación dos traballadores será elixido entre os membros do Claustro un traballador para a resolución das solicitudes de beca)

- 3.5. O traballador ou traballadora ao que lle denegaran a praza gratuíta poderá formular reclamación perante a Comisión Mixta de Becas. **O último día para presentar esta reclamación será o día 14 de xuño de 2013**
- 3.6. A Comisión Mixta solicitará do centro a documentación complementaria que considere oportuna e resolverá as reclamacións **o día 25 de xuño de 2013**. A súa decisión é inapelable.
- 3.7. Establécese a sede da Comisión Mixta de Becas nos locais de Educación e Xestión, rúa Santa Clara número 23, 15704-SANTIAGO DE COMPOSTELA, teléfono 981.58.25.27, Fax 981.58.10.73. Correo electrónico: galicia@escolascaticas.es